

A LITERATURA GALEGA 'PROSCRITA' EN MADRID. 16-21.
 ASUMIU ZAPATERO A POLÍTICA ECONÓMICA DA DEREITA? 16-17.
 ESPAÑA. PALOMARES FALA DE COMO SE MANIPULA A PRENSA. 20




Suso de Toro.

2 EUROS
 22.XULLO.10

Periódico semanal
 Fundado en 1907
 Nº1.416

anosaterra

FACO VILABARRO



Xabier López López
 OS LIBROS PRESTADOS

Os protagonistas destes catro relatos non son os libros, senón os lectores. O que agochan as vidas dos que len.

60
 EDITORIAL GALAXIA
 aniversario
 1950-2010
 www.editorialgalaxia.com

Rosalía, o símbolo galego máis internacional

Unha comitiva de escritores e cidadáns lembra o traslado dos seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres no 125 aniversario da morte da poeta

Este artigo pode verse tamén no sitio web de anosaterra.com



Unha das paradas diante da Facultade de Historia.



Sonia Lebedynski, do grupo Fía na Roca, no Panteón.

Permiso para homenaxeala no Panteón

De ser un lugar laico e de libre acceso, o Panteón de Galegos Ilustres converteuse hai meses nun lugar de confesión relixiosa e de entrada restrinxida consonte a vontade eclesíastica. De aí, que a AELG tivese que solicitar por escrito a celebración da homenaxe a Rosalía no lugar no que descansan os seus restos. "Non admitimos as condicións nas que entramos ao panteón porque non o fixemos libremente, accedemos co permiso da Igrexa", sinala Cesáreo Sánchez. A AELG e as máis de mil persoas que participaron no cortexo cívico reclamaron unha vez máis a apertura do panteón por conta do poder público co fin de o converter nun espazo aberto á sociedade. "A propiedade correspóndelle exclusivamente ao pobo galego, que coa súa vontade, logrou que estean ali depositados os restos, ás veces coa oposición da Igrexa", lembra Sánchez Iglesias.


O FUTURO DOS SÍMBOLOS. No nome das máis de 200 asociacións que se adheriron á homenaxe, o presidente da asociación

Que criterios se seguirán para decidir quen se enterra no Panteón de Galegos Ilustres?"

[Cesáreo Sánchez Iglesias]

de escritores crítica que sexa a Igrexa quen "tutele o Panteón de Galegos Ilustres de costas ao pobo". "A AELG representa un dos sectores máis vivos e activos do país, e non podemos facer á marxe da decisión que se tome ao redor dos símbolos nacionais", engade. O presidente da asociación de escritores incide en que "está en xogo o futuro dos símbolos nacionais" e preguntábase que criterios se elaborarán para decidir quen se enterraí a canda Rosalía, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Castelao ou Domingo Fontán.

? QUERESABER MÁIS?
Fotogalerías en
www.anosaterra.com



M* Xosé Queizán, Xabier P. Docampo, Ana Romani e Mercedes Queixas.




Casa da Penela
BOUTIQUE

Chao do Val, nº 1 - Vilamor
27752 MONDOŃEDO (Lugo)
Tells reservas : 645 971 877 / 629 829 210
info@casadapenela.com

Harmonía en todos os sentidos



Ecología e tradición, sustentabilidade e cultura, danlle a Casa da Penela o seu valor diferencial.

